

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
XGL/2019/26	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	8 de outubro de 2019
Duración	Desde as 14:00 ata as 14:14 horas
Lugar	SALA DE XUNTAS
Presidida por	CONSTANTINO CORDAL RODRÍGUEZ (Alcalde acctal.)
Secretario	MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR

ASISTENTES: D. Samuel Lago Ozón, D. Xurxo Charlín Trigo e D^a M^a Cruz Leiro Peña.
Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión celebrada o día 25/09/2019 (XGL/2019/24)

Dáse conta da acta sesión celebrada o día 25 de setembro de 2019.
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestalle a súa aprobación.

2.- Expediente 318/2019. Licenzas Urbanísticas.- Sustitución de sistema radiante de estación base de telefonía en Avda. de Vilariño, 4 (Promotor: Telefónica Móviles España S.A.)

1. PETICIONARIO: F. [REDACTED] M. [REDACTED] S. [REDACTED]
2. EN REPRESENTACIÓN DE: Telefónica Móviles España S.A.
3. OBXECTO DA OBRA: Substitución do sistema radiante de estación base de telefonía
4. LUGAR DAS OBRAS: Avenida de Vilariño 4 (RC 5472802NH1057S0007ML)
5. EXPEDIENTE: 318/2019



6. DATA DA SOLICITUDE: 24.01.2019

Consta proxecto para substitución do sistema radiante de estación base de telefonía móbil redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial Óscar Fernández Rodríguez visado o 16.11.2018.

Consta informe do Arquitecto Municipal, favorable, de 08.08.2019.

Informe de Secretaría, favorable, de 07.10.2019.

De acordo cos informes técnico e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:

Conceder licenza municipal de obra maior a Telefónica Móviles España SA para substitución do sistema radiante de estación base de telefonía en Avda. de Vilariño 4 de acordo co proxecto para substitución do sistema radiante de estación base de telefonía móbil redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial Óscar Fernández Rodríguez.

Outros datos do expediente:

a) Clasificación urbanística do solo: Solo Urbano Ordenanza nº 3 de bloque de casas

b) Orzamento: 6.992,93 €

c) Uso: Servizos públicos compatibles co uso residencial

Condições:

Deberá cumprir as seguintes condicións, ademais das xerais que se especifican na correspondente notificación e nas condicións da propia solicitude.

- a) A dirección de obra será levada a cabo polo Enxeñeiro Técnico de Telecomunicacións D. Carlos Marcote Suárez
- b) Deberá dispoñer ao pé da obra o cartel indicador da Licenza Municipal e técnicos directores, prazo e construtor, usos, ordenanza, data da licenza, prazo de execución e nº de prantas de acordo co Art. 59 da Ordenanza Municipal de Obras.
- c) O inicio queda supeditado á entrega da copia do Padrón do I.A.E. do contratista que execute a obra e a autorización de instalación de grúa, se é necesaria para as obras solicitadas.
- d) Deberá dispoñer na obra da Licenza e el Proxecto Selado polo Concello a disposición dos funcionarios municipais, para o cal deberá entregar unha segunda copia idéntica á documentación que serviu para a concesión da licenza.
- e) As obras axustaranse estritamente ao autorizado, calquera modificación que se realice sobre as obras autorizadas deberán ser obxecto da correspondente autorización municipal, previa á execución das mesmas.
- f) De conformidade co disposto no artigo 145 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia e o artigo 359 do seu Regulamento de disciplina urbanística, os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras indícanse a continuación:
 - Iniciación, dentro dos 3 seguintes ao outorgamento da licenza
 - Interrupción máxima de 3 meses, debendo comunicar por escrito ao Concello a súa interrupción e advertindo que con carácter excepcional e por unha soa vez outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedece a motivos de forza maior.
 - Finalización dentro do prazo de 6 meses seguintes ao outorgamento da licenza.
- g) Ao obxecto de solicitar a prórroga da licenza de obras, esta deberá ser tramitada previa ou simultaneamente ante as administracións que outorgaron autorización.
- h) En todo caso as instalacións non poderán ser utilizadas ata que as obras estean terminadas completamente, debendo solicitar no seu momento ao Concello a preceptiva Licenza de Primeira Ocupación o utilización, anexando o Certificado de Final de Obra, expedido polos directores da mesma, así como se procede, a Acta de Recepción que se outorgase expresamente, ou acreditación da recepción tácita da obra, co fin de que se proceda á comprobación por parte dos servizos técnicos



municipais.

- i) En caso de ocupar vía pública, deberá solicitar a correspondente autorización do organismo titular do vial.
- j) Deberán cumprirse na execución das obras as determinacións establecidas polo Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia e as establecidas no Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción de residuos de construción e demolición.

3.- Expediente 4344/2017. Licenza urbanística.- Legalización de reforma e ampliación de depuradora de moluscos (Promotor: Depuradora de Moluscos La Sirena, S.L.)

1. PETICIONARIO: Depuradora de Mariscos La Sirena SL
2. LUGAR DAS OBRAS: Porto de Tragove
3. NÚMERO DE EXPEDIENTE: 4344/2017
4. DATA DA SOLICITUDE: 10.07.2019 (Legalización)
5. OBXECTO DA OBRA: Legalización de reforma e ampliación de depuradora de moluscos.

Consta proxecto básico e de execución de reforma e ampliación de depuradora de moluscos propiedade da "Depuradora de Moluscos La Sirena SL", redactado polo Enxeñeiro Agrónomo Josep Veranguer Montanyá visado o 18.04.2019

Anexo da promotora do 07.10.2019

Consta certificado de final de obra redactado polo Enxeñeiro Agrónomo Josep Veranguer Montanyá de data 25.06.2019

Consta licenza municipal concedida a Depuradora de Mariscos La Sirena SL en sesión da Xunta de Goberno Local de 22.10.2012, para actividade de Depuradora de Moluscos

Constan Resolucións de Portos de Galicia outorgando a modificación da concesión outorgada a Mariscos La Sirena SL de datas 29.05.2015, 23.10.2015 e 17.11.2017

Consta declaración de incidencia ambiental, favorable, emitida polo Servizo de Calidade Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de 21.02.2018

Consta certificado da vixencia da autorización de verquido emitido por Augas de Galicia en data de 11.01.2019

Consta informe de inspección do Arquitecto Técnico Municipal de 21.05.2019

Consta Resolución do Concelleiro Delegado de Urbanismo de 07.10.2019 pola que se resolve incoar expediente de reposición da legalidade urbanística e declarar legalizables as obras executadas

Constan informes do Arquitecto Técnico Municipal de 10.09.2019; 25.09.2019 e 07.10.2019, favorables

Consta informe de Secretaría de 08.10.2019, favorable con observacións

De acordo cos informes técnico e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade



dos seus membros acorda,

Conceder licenza municipal a Depuradora de Mariscos La Sirena SL para legalización de reforma e ampliación de depuradora de moluscos no porto de Tragove de acordo co proxecto básico e de execución redactado polo Enxeñeiro Agrónomo Josep Veranguer Montanyá visado o 18.04.2019

Outros datos do expediente:

- a) Clasificación urbanística do solo: Delimitación de Espazos e Usos Portuarios do Porto aprobada por Resolución de Portos de Galicia de 30 de xullo de 2014
- b) Uso: Dotacional Portuario
- c) Normas de aplicación directa (Disposición Transitoria Sexta da Lei 6/2017 do 12 de decembro de portos de Galicia)
 - Uso Complementario (artigo 55.2 e) da Lei 6/2017 do 12 de decembro de portos de Galicia)
 - Normas de edificación:
 - 1ª) Altura: 6,01 m., 7,70 m. e 9,25 m < 12 m
 - 2ª) Superficie edificable: 6.753,00 m² < 1,5 m²/m² de edificación.
 - 3ª) Normas estéticas: Xustifícanse
- d) Orzamento: 844424,60 €

Condições:

- a) A licenza entenderase outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o artigo 12 do Decreto 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais.
- b) Os medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumpriran coas disposicións mínimas de seguridade nas obras de construción. RD 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar aos usuarios e instalacións da vía pública é competencia unicamente do contratista. As estadas cumpriran a Norma UNE 76-502-90 é o Documento de Harmonización HD1000 de xuño de 1998 adoptado polo Comité Europeo de Normalización (CEN) o 2/9/1998.
- d) Deberá darse cumprimento a todos os condicionantes expresados nas autorizacións sectoriais obrantes no expediente acreditándose a súa observancia e a súa actualización necesaria durante todo o período da concesión.
- e) Unha vez rematadas as obras de reforma deberá presentarse comunicación previa para o inicio da actividade.

4.- Expediente 3909/2019. Comunicación previa.- Limpeza de fachada en Rúa Hospital, 31 (Promotora: G P S)

Rfª Catastral: 5368814NH1056N00010A

A Xunta de Goberno Local, acorda retirar o asunto da orde do día a efectos de comprobar se se dou conta do expediente na Comisión Técnica do Patrimonio Histórico Municipal.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2019-0028 Data: 16/10/2019



Codi. Validación: <http://cambados.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5

5.- Expediente 3271/2019. Comunicación previa.- Colocación de tellas movidas en vivenda sita na Rúa Pinar do Rei, 2 (Promotora: A [REDACTED] A [REDACTED] B [REDACTED])

Rfª Catastral: 5563917NH1056S0001XL

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 02/09/2019, que se emite en sentido favorable, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 146.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, toma razón da comunicación previa anterior e declara completa a documentación presentada.

6.- Expediente 3060/2019. Comunicación previa.- Rehabilitación de cuberta e fachada lateral en Avda. de Madrid, 22 (Pomotor: J [REDACTED] L [REDACTED] D [REDACTED] F [REDACTED])

Rfª Catastral: 5574025NH1057S0001WD

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 02/09/2019, que se emite en sentido favorable, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 146.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, toma razón da comunicación previa anterior e declara completa a documentación presentada.

7.- Expediente 371/2019. Comunicación previa.- Reparación de fachadas en Rúa Manuel Murguía, 9 (Promotor: C.P. Edificio Casablanca)

Rfª Catastral: 5374201NH1057S

A Xunta de Goberno Local, acorda retirar o asunto da orde do día a efectos de comprobar se se dou conta do expediente na Comisión Técnica do Patrimonio Histórico Municipal.

8.- Expediente 1804/2018. Comunicación previa actividade - Enseñanza conductor de vehículos en Rúa San Francisco, 1 - 1º (Promotor: Vial Santa Eulalia, S.L.)

Rfª Catastral: 5472807NH1057S0003KG

A Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 146.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, toma razón da comunicación previa anterior e declara completa a documentación presentada.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES



Non hai asuntos

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde acctal. da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2019-0028 Data: 16/10/2019



Cod. Validación:  Corrección: <http://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xastiona esPublico | Páxina 6 a 6